



Cruz Vermella

**PROGRAMA DE LOCALIZACIÓN E CONTROL
VOLUNTARIO DE PERSOAS EN SITUACIÓN
DE ESPECIAL VULNERABILIDADE
"ACOMPÁÑOTE"**

XUNTA DE GALICIA



PROGRAMA DE LOCALIZACIÓN E CONTROL VOLUNTARIO DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE ESPECIAL VULNERABILIDADE "ACOMPÁÑOTE"

Con este servizo preténdese facilitar a saída do domicilio de persoas con circunstancias especiais que aconsellen o seu control permanente ou que poidan sufrir episodios de desorientación temporal e/ou espacial., incrementando a mobilidade e seguridade destas persoas e contribuíndo á tranquilidade das familias e cuidadores.

Que persoas poden ser beneficiarias?

Os beneficiarios poden ser todas aquelas persoas maiores, menores ou con discapacidade, que debido ás súas condicións de saúde ou limitacións persoais poden sufrir episodios de desorientación.

O obxectivo principal é fomentar a autonomía dos/as usuarios/as, promovendo a permanencia das persoas no seu ámbito habitual sen que vexan minquadas as súas posibilidades de saír do domicilio e seguir mantendo as súas relacións sociais.

A maioría dos usuarios son persoas con deterioración cognitiva ou alzhéimer.

Características do servizo

Consiste nun pequeno equipo que integra un teléfono móbil con tecnoloxía GSM e un módulo de localización xeográfica vía satélite GPS, cun centro de control dende o que é posible recuperar a posición exacta en calquera momento.

- O usuario levará o terminal, cargado e acendido, durante todo o día e colocaráse nun cinto cun sistema de seguridade para que non se poida manipular.
- Son as persoas cuidadoras as que deben poñer e retirar o dispositivo á persoa usuaria e manter cargada a batería.
- O terminal comunícase coa plataforma cada 5 minutos enviando a súa posición.
- A actuación actívese se existe a necesidade de localizar a persoa usuaria ou no caso de que o terminal envíe un aviso automático que poida indicar situación de perigo.

Como solicitar o servizo

A solicitude xunto cun informe médico hai que remitila á Secretaría Xeral de Política Social dependente da Consellería de Traballo e Benestar.

A xestión deste servizo préstase por parte da Cruz Vermella e ten un copagamento por parte do usuario de 5 euros mensuais.



Teléfono Social (de balde)
900 333 666

www.xunta.es



galicia



XUNTA DE GALICIA